



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E OS COLEXIOS OFICIAIS DE FARMACÉUTICOS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA PILOTO "REDE DE FARMACIAS CENTINELA DE GALICIA" (PILOTO PREDICE_FAR).

MEMORIA

A secretaria xera técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, formalizaron o 08/01/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un ano contado desde a data da súa sinatura, con posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer as condicións que rexerán a colaboración entre as partes para a realización do Programa Piloto "Rede de Farmacias Centinela de Galicia (Piloto PREDICE_FAR)", que ten como finalidade analizar a fidelidade, aceptabilidade e utilidade dos datos relativos á dispensación de determinados medicamentos e/ou produtos sanitarios, facilitados por un número determinado de oficinas de farmacia (70), como ferramenta de axuda nos métodos e estratexias de predición, prevención e control da gripe estacional co fin de establecer unha rede estable de farmacias sentinela integradas nas estratexias de saúde pública.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Ao longo dos últimos anos, singularmente durante a pandemia pola Covid-19 e con posterioridade a esta, as oficinas de farmacia de Galicia foron tendo un papel cada vez máis destacado nas estratexias de saúde pública, colaborando estreitamente en programas de vixilancia da saúde, prevención e detección precoz de enfermidades e educación sanitaria, por exemplo, nas campañas de vacinación da poboación.

O potencial que ofrecen estas actuacións dos farmacéuticos comunitarios e o seu impacto positivo nas accións de saúde pública fan que se deba seguir avanzando na integración das oficinas de farmacia en diferentes estratexias que se impulsan desde a Dirección Xeral de Saúde Pública para contribuír á mellora da atención e saúde da cidadanía.

Neste contexto, a Dirección Xeral de Saúde Pública en colaboración cos colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia, pon en marcha o Programa Piloto Rede de Farmacias Centinela de Galicia.

Trátase dunha iniciativa a través da cal 70 oficinas de farmacia de Galicia traballarán conxuntamente para achegar información relacionada coa dispensación de determinados medicamentos e produtos sanitarios co fin de monitorizar a súa dispensación e obter datos que se poidan integrar nos sistemas de vixilancia epidemiolóxica. Estes datos serán tratados e analizados como indicadores do modelo predictivo, axudando a predicir unha alerta temperá, facilitando unha resposta anticipada e, polo tanto, máis eficaz, dos servizos de saúde ante situacións de crises epidemiolóxicas.

Os datos facilitados polas farmacias xerados pola propia dinámica asistencial, debidamente tratados, esperase que axuden a planificar actuacións específicas para poder controlar adecuadamente os gromos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

